

Os petroglifos de Viladesuso xa amosan imaxes de cabalos que poderían das pistas sobre a orixe deste evento.

Disque os monxes de Oia eran donos de moitos destes animais.

- Curro da Valga: 2º domingo de maio
- Curro de Mougás: 2º domingo de xuño
- Curro de Torroña: 1º domingo de xuño

MOSTEIRO DE STA. MARÍA DE OIA



Monumento Histórico Artístico dende 1931, é un exemplo craro de arquitectura cisterciense e único desa orde no litoral. Construído en 1132 baixo mandato do Rei Afonso VII, foi un importante baluarte defensivo ante as constantes invasións marítimas, como a dos turcos en 1624, que repeleron os monxes, feito que provocou que o Rei Felipe IV lles concedese máis privilexios.

En 1835, coa desamortización, pasou a propiedade privada. Durante a Guerra Civil, utilizouse como cárcere. Na actualidade unicamente se pode acceder ao templo e, recentemente ven de ser adquirido por un

grupo hostalerio para convertelo en Hotel de cinco estrelas.

Próximo Roteiro:

AS CAMPAS DE LAUDE
5 de maio de 2007

Hora de saída: 08.00 h AM
Inscripcións: Hoxe, cando se diga.

www.viaauria.com

SENDEIRISMO COS CINCO
SENTIDOS

info@viaauria.com

Tel: 630 283 440

Nº conta de A. C. Via Auria. CaixaGalicia
2091-0471-35-3040002209

ROTEIROS CULTURAIS

VIA AURIA



CABO SILLEIRO

En 1866 inaugurouse o Faro Silleiro, situado no Cabo Silleiro. O primeiro combustible que utilizou foi unha lámpada de mecha de aceite vexetal e en 1909 pasou a funcionar cunha lámpada de petróleo. En agosto de 1924 inaugurouse o novo edificio que albergaría o faro a 85 m. no alto da montaña. Este edificio tén pranta rectangular e na súa fachada oeste está a torre do faro, que dende 1960 tén unha lámpada de 3000 w. que se pode ver a 40 millas se o tempo está despexado. Ademais da serea ten un emisor eléctrico de 200 millas de alcance. Hoxe é un dos puntos principais de orientación dos navíos que surcan as augas. *Fonte: Turgalicia.*

viaauria.com
SENDEIRISMO COS CINCO SENTIDOS



Data: 14 de abril de 2007

A DEFENSA COSTEIRA

Teremos ocasión de ver que evolución experimenta a vixiancia e defensa marítima desde os primitivos fachos ata as hoxe abandonadas baterías de costa da artillería de costa española.

1. FACHOS-PATRIMONIO MARÍTIMO DE GALICIA

fachos.m. 1. Lume que se acendía antigamente no cume dun monte para guía de mariñeiros. *Acendían fachos en lugares falsos para provocar naufraxios.* 2. Lugar elevado onde se acendía unha fogueira para guía-los barcos. *Pasou a noite no facho cuidando do lume.* 3. Fachuzo. *Fíxosenos de noite e acendemos un facho.*(Dic. Real Academia Galega).

Construíanse tamén para vixiar o mar e defenderse de eventuais agresores. No interior encendían un “fachuzo” (presa de palla acesa) para avisaren da presenza de embarcacións sospeitosas.

2. BATERÍA DE COSTA

En Cabo Silleiro aínda contemplan a ría os catro imponentes Vickers 152,4/50 baixo a



antiga protección dun bunker de telemetría. Este bunker aínda deu un último servizo

cando se produciu a catástrofe do *Prestige*, para seguir o avance do fuel polo mar e utilizando prismáticos dos atuneiros.

Características do Vickers:

Calibre: 152,4 mm.

Alcance: 21,600 m.

Velocidade: 915 m/seg

Peso do proxectil: 45 Kg. apr.

Cadencia: 4 disparos/minuto

Peso do tubo: 8738 Kg.

Lonxitude do tubo: 7,86 m.

No argot artilleiro, chámanlle “quince



vintecatro” e son pezas de orixe naval deseñadas pola británica Vickers Armstrong, compradas no ano 1926 para potenciar buques e defensa de costas españolas e construídas en España entre 1926 e 1952.

OS CURROS OU RAPA DAS BESTAS

Curro: 3. Curral valado con madeira onde se encerran as cabalerías que se crían no monte.

Rapa-las bestas no curro. (Dic. Real Academia Galega).

Valga, Mougás e Torroña, no concello de Oia, son tres curros dos máis senlleiros de Galicia.

Serven para identificar as bestas, raparlles as crinas e sedas do rabo, desparasitalas e tamén para vender os poldros que non vaian quedar no monte para utilizalos como reprodutores.

A festa coordínase polos “besteiros”, que na mañanciña do día do curro suben ao monte para cercar os cabalos. Diríxenos cara un punto común, a parada (serve como punto de recoñecemento dos animais e de descanso e organización). Posteriormente ten lugar a entrada no curro. A continuación succédense as operacións de separación, rapa e marcaxe dos animais. Rematadas estas tarefas, realízase a solta, e libéranse as bestas ata o seguinte ano.

